

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SUSPENSIÓN DA REALIZACIÓN DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DAS PRAZAS DO GES..

EXPEDIENTE: 2020/G003/000141

ANTECEDENTES:

Por decreto desta alcaldía do 12.03.2020 aprobouse a lista definitiva de admitidos/excluídos das prazas do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), composición do tribunal e citación para a realización do 1º exercicio.

Os/as aspirantes estaban convocados para a realización do 1º exercicio da fase de oposición o próximo mércores día 18 de marzo de 2020, ás 14,00 horas.

Visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no BOE do 14 de marzo, ao abeiro das competencias desta alcaldía segundo a normativa vixente, resolvo:

1º) Suspender a realización do 1º exercicio da fase de oposición sinalado. O mesmo se realizará, previa resolución desta alcaldía establecendo unha nova data, que se publicará na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello, logo de que rematen os prazos das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias en materia de prevención do COVID- 19 e non exista risco sanitario para as persoas.

2º) Publicar esta resolución na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello para xeral coñecemento